

2017, tempos de esperanza

Lidia Teixeira¹

A tempada de actos madrigalegos para o curso académico 2016-2017 quedou inaugurada coa homenaxe á profesora Kathleen March en Santiago de Compostela, pioneira dos estudos galegos nos Estados Unidos e mais fundadora da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Até alí se desprazaron a responsábel do centro complutense Carmen Mejía xunto coa lectora, Lidia López, para participar do agarimoso encontro que tivo lugar o 27 de outubro. Esta celebración foi a primeira de varias que se mantiveron na honra de personaxes destacábeis dentro da galegitude: Fermín Bouza, Sabino Torres e Raimundo Domínguez García, *Borobó*.

O 25 de xaneiro na Casa de Galicia e o 23 de febreiro na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade Complutense, tiveron lugar actos en memoria do profesor universitario e poeta Fermín Bouza. Baixo a organización do escritor Vicente Araguas, na delegación gubernamental da Xunta en Madrid, déronse cita case un cento de persoas, entre intelectuais, familiares e amizades. Ademais de sentidas lembranzas, entre as que cabe destacar a do ex-Fiscal Xeral do Estado, Cándido Conde-Pumpido, tamén tivemos ocasión de escoitar algúns dos textos poéticos de Fermín, recitados na voz de diferentes integrantes do Grupo Bilbao e, finalmente, a súa dona, Carmen Pena, cunha evocación ben fermosa da que fora, toda unha vida, a súa parella.

O 27 de abril levouse a cabo o recordo de Sabino Torres na Sala de Esgrima do Ateneo de Madrid. A mesa, moderada por Miguel Losada, estivo composta por Olivia Rodríguez, Vicente Araguas e Álvaro Pico, integrante do proxecto educativo universitario Lingua de Luns. Despois das conferencias houbo un pase completo da entrevista inédita que concedera o poeta e editor en xaneiro do ano anterior, meses antes de enfermarse. Grazas á intervención de Miguel, a gravación puidera realizarse no gabinete presidencial do Ateneo, un espazo restrinxido que só se abre para ocasións especiais, dada a súa singularidade e as exclusivas pezas de arte e historia que nel se conservan. Editada e conducida integramente polo alumnado de Lingua de Luns, o seu traballo conseguiu emocionar ao público asistente.



Homenaxe a Sabino Torres
(pola esquerda: Olivia Rodríguez,
Miguel Losada, Álvaro Pico e Vicente Araguas)

¹ Universidad Complutense de Madrid, Departamento de Filología Románica, Filología Eslava y Lingüística General.
E-mail: lidiateixeiro@gmail.com

E, xa case no remate do termo escolar, o 11 de maio puidemos tamén adicar tempo para profundar na figura de quen acuñara o termo Madrigalicia, o xornalista e escritor Raimundo García Rodríguez, Borobó. A fonda pegada que deixou o intelectual galego na cidade aínda é patente en institucións como o Club de Periodistas Gallegos en Madrid. Nesta ocasión, da man da profesora Ana Acuña, puidemos achegarnos aos seus *anacos* santiagueses, as columnas que editaba no xornal compostelán de *La Noche*.



Homenaxe a Raimundo García Rodríguez, *Borobó* (pola esquerda: Carmen Mejía Ruíz, Raimundo García Paz e Ana Acuña)

Outro dos trazos que caracterizaron este pasado curso foi a presenza de cinema galego en diversos festivais e salas madrileñas. De feito, unha das primeiras actividades realizadas co alumnado de iniciación Galego I foi asistir á proxección de *Os días Afogados* na Filmoteca Española en novembro (29/11/2016).



Proxección *Os días afogados*, no Cine Doré

Esquece Monelos, Paisaxes da Capelada, Sicixia..., son algunhas cintas que visitaron tamén a capital, onde claramente predominou o xénero documental nas carteleiras. A isto, ademais, hai que sumarlle as iniciativas filmicas do colectivo Fenda, cada vez máis presente e activo. Xunto coas presentacións de libros,

coloquios con artistas da música (como Sés) e algúns festexos tradicionais, organizaron unha sesión para ver *Fíos Fóra* e outra para pasar o documental de *Galicia*, de Carlos Velo, que contou coa participación de Margarita Ledo.

Houbo lugar tamén para os concertos, coma os de Milladoiro, Leilía ou Radio Cos, a onde fomos xunto co alumnado de galego da EOI, e tamén para recoller galardóns (Trofeo da galegitude 2017 ao medio de comunicación social para *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, outorgado pola Orde da Vieira). Leváronse a cabo moitas actividades literarias, entre as que se contan diversos lanzamentos de publicacións (*Cadeas, Hai tanto que non estabas, O Porco de pé*), recitais e outras propostas. A implicación do lectorado de galego, para fóra do labor constante de difusión, foi variábel e en función das capacidades do centro; desde asistir co alumnado até coordinar algunhas ou facilitar espazos dentro da universidade.

En primeiro lugar, o sábado 14 de xaneiro presentouse unha nova antoloxía de poesía pola editorial Ianua, *Língua de Resiliência*. Organizouse un recital na Vinoteca Xelavid para dála a coñecer e contou coa asistencia de diferentes poetas e amigos do editor do volume, Xavier Frias.



Presentación de *Língua de Resiliência*

Un mes despois, o 23 de febreiro, celebrouse o tradicional recital do Día de Rosalía na rúa Ballesta, diante da casa onde vivira a poeta hai xa máis dun século. Este encontro literario, ao que acudimos co alumnado, segue sendo unha das actividades máis orixinais de Madrid, polo seu carácter de recital espontáneo (sempre hai persoas que se achegan fóra de convocatoria, para sumarse á homenaxe) e polo paseo a seguir até a Igrexa de San Ildefonso, onde Manuel Murguía e Rosalía de Castro casaron.

Dentro das actividades complutenses propiamente ditas, cómpre incluír, no eido literario, dúas citas xa consolidadas, o recital conxunto entre lingua galega e portuguesa do Día da poesía e o Seminario de tradución multilingüe.

A III edición do Día de la Poesía UCM celebrouse este ano o 20 de marzo, e todos os departamentos contribuíron con propostas de diversa índole. Desde a Área de filoloxía galega e portuguesa, convocamos de novo o recital *Dez poetas de...*, que consiste na lectura, por parte do alumnado, de cinco poemas en galego e cinco poemas en portugués ao redor dun único tema, establecido de antemán. Este ano a escolla foi o sentimento do amor. Ademais da xuntanza poética, organizouse unha exposición fotográfica complementaria, onde cada texto lido, á vez foi ilustrado por Clara Marín e Sara Corbacho e exposto no salón de graos.



Recital *Dez poetas do amor*

O obradoiro de tradución multilingüe conmemorou o Día das Letras Galegas escollendo, como escritor de traballo, a Carlos Casares. Impartido en abril, tivo, por unha banda, unha conferencia introdutoria sobre a figura do escritor, a cargo da profesora Carmen Mejía e, por outra, unha parte práctica onde profesorado e alumnado de diferentes idiomas (euskera, catalán, romanés, portugués e galego) traduciron e comentaron dous relatos de *Vento Ferido*. A lectura multilingüe ao remate da xornada permitiu apreciar a riqueza cultural e lingüística dos graos da UCM e foi un momento moi dispendido e para o gozo.

No tocante á investigación e á proxección educativa, non se pode pasar por alto algunhas das cousas que fixeron deste período un dos máis prolíficos academicamente, coas vistas postas no ano 2018 e ao Congreso Internacional da Asociación de Estudos Galegos que vai ter lugar en Madrid.



Seminario de tradución multilingüe

Contouse con diferentes visitas de investigación en Madrid e na universidade, como María do Cebreiro, convidada pola actividade de Clásicos a la carta (Biblioteca Nacional de España), a profesora María Boguszewicz, ao abeiro do Programa Erasmus +, o encontro con Anik Nandi, ou a conferencia de Manuela Palacios no Congreso Internacional “Representaciones del espacio hostil en la literatura y en las artes: imágenes y metáforas”.



Congreso Internacional “Representaciones del espacio hostil en la literatura y en las artes: imágenes y metáforas”

Promoveuse o seminario de Ricardo Pichel mantido na Facultade de Filoloxía e asistíuse aos seminarios de Montse Pena Presas, quen estaba realizando unha estada na Facultade de Educación da UCM. Igualmente, colaborouse de maneira directa na II Mostra de Cinema UCM cun relatorio sobre o escritor Xavier López Rodríguez e mais coa Xornada Internacional de Futurismo celebrada en setembro de 2017, coa moderación dunha mesa e coa asistencia, da man da nova lectora, Paula Cousillas, do alumnado que comeza este curso nas materias de galego.

Como iniciativas de formación, o Centro de Estudos Galegos deu por finalizado o grupo de iniciación á investigación Lingua de Luns,

mais proseguiu na súa tarefa de ensinar a lingua e a literatura galegas a través doutras propostas á marxe das aulas ordinarias. Así, participou na viaxe de estudos a Cáceres da Titulación de Románicas acompañando ao alumnado de galego, proseguiu coa excursión anual a Galicia, e desenvolveu un proxecto de educación literaria que verá o seu traballo materializado nun volume a piques xa de saír do prelo.

A viaxe de estudos a Cáceres desenvolveuse en novembro de 2016 e supuxo a continuación das xornadas celebradas na capital o ano anterior en memoria do profesor Alonso Zamora Vicente, quen levou a lingua galega ás aulas da Universidade Complutense de Madrid. O alumnado de galego vencellado aínda co CEG sumouse ao I Itinerario Artístico Literario Alonso Zamora Vicente, onde puideron profundar na relevancia desta figura humanista ao tempo que coñecían de primeira man as terras extremeñas.



Viaxe a Cáceres

A III excursión a Galicia supuxo a derradeira etapa da xira pola comunidade galega pensada tres anos atrás. O estudantado da UCM coñeceu de primeira man as xentes e cultura galegas e puido debuzarse sobre a historia e a lingua a través das diferentes experiencias programadas en cada unha das visitas. Nesta ocasión, como novidade, a viaxe abriuse a persoas de fóra da UCM e contouse coa participación de Sabela, alumna da Escola Oficial de Idiomas de Madrid.

O percorrido desta edición comezou en Ourense para continuar logo pola provincia de Pontevedra, apenas cunha pequena modificación sobre o itinerario deseñado nun principio a causa dunha avaría técnica en Benavente. Grazas á amabilidade de varias persoas e á súa desinteresada axuda, entre as que se contan, unha vez máis, Jose Luis López Taboada,

Emma Penedo e Ana Acuña, púidose continuar a viaxe sen maiores complicacións.

O primeiro día percorreuse a zona vella de Ourense, visitando o Liceo Ourensán, as Burgas e podendo gozar da gastronomía ourensá. A noite deuse no albergue municipal de Muíños, cunhas vistas incríbeis ao encoro das Cunchas. Alí agardaba Jesús, quen axudou e orientou ao grupo en todo momento para poder situar os lugares e camiños da contorna.

Na xornada seguinte, profesorado e alumnao encamiñouse cara ao Parque Natural Transfronteirizo Peneda-Xurés, e a través dun torrente seco ascendeu até a aldea abandonada de Salgueiro, desde onde se divisa boa parte da chaira limiega. O xantar tivo lugar nun dos restaurantes históricos da zona, o Lusitano, en Lobios, facendo despois parada na igrexa desta mesma vila e continuando o roteiro pasando polos miliarios de Portela de home, o mirador da Corga da Frecha, Aquis Originis e Aquis Querquernis.



Viaxe a Galicia, Aquis Querquernis

Na terceira xornada, con rumbo a Pontevedra, pola mañá concertouse unha visita guiada no mosteiro de Oseira, o chamado “Escorial galego” pola súa factura arquitectónica. Atendidos por Yolanda, a quen cómpre agradecer a súa entrega e amabilidade na tarefa de ensinar as dependencias e patios do edificio, despois de comer e antes de chegar ao albergue da cidade pontevedresa houbo tempo para facer unha parada en Campo Lameiro e visitar os seus petróglifos e o centro de interpretación.

O penúltimo día, 14 de maio, a excursión centrouse na costa de Cabo home, percorrendo todo o sendeiro que vai paralelo á costa até chegar aos seus faros e avistando as Illas Cíes ao fondo. Con parada para ver o cruceiro do Hío e mais o seu cemiterio, o bo tempo permitiu visitar tamén a praia de Acoradoiro e logo, pola

tarde, pasear tranquilamente polo casco de Pontevedra, coñecendo o Parador Nacional “A casa do Barón”, vendo as fotografías de “Oficios entre Lusco e Fusco” na sala de exposicións do café moderno e aproveitando o ambiente festivo co que contaba a urbe, ao coincidir coa Semana Santa. As persoas que puideron permanecer a mañá seguinte tamén, aínda tiveron ocasión de visitar o edificio VI do Museo de Pontevedra, con fondos de pintura do Museo del Prado e con moitas pezas da historia de Galicia.

Pechamos a crónica deste ano, dando conta da proximidade d’*O poliedro da saudade*, a antoloxía de poesía froito do proxecto de innovación educativa levado a cabo este ano co alumnado da materia de Literatura galega. Esta publicación que axiña verá a luz xurdiu como un xeito de poñer na práctica os contidos e coñecementos adquiridos nas aulas e foi deseñada e realizada integramente polo estudantado. A tarefa, que comezou sendo un simple bosquejo, trascendeu as aulas de tal xeito que moito tempo despois de finalizadas o grupo seguiu reuníndose e desenvolvendo a publicación, mesmo durante o verán. O seu esforzo e valentía viuse recompensado desde o primeiro momento coa boa acollida e participación que recibiron por parte de diferentes autoras e autores galegos, a quen queren agradecer, desde aquí, os ánimos infundidos e as aprendizaxes proporcionadas. Iniciativas colectivas coma esta, participativas, dan sentido á existencia dos Centros de Estudos Galegos e son a mellor das bandeiras para a promoción da nosa lingua e literatura no mundo.



Viaxe a Galicia, Cabo Home